MARTES **18 FEBREIRO** 2020 • ANO VII - Nº 215 • Correo - liderlugo@lavoz.es

La Voz de Galicia

1 Líder BASKET



# O NORTE TEN DONO

60 70

**Estudiantes accede á segunda fase da Liga Galega cadete masculina** como campión de grupo tras impoñerse no derbi capitalino a Ensino, nun partido no que os de Javi Peinó foron de menos a máis poñendo fin á resistencia rival no derradeiro cuarto cun parcial de 8-22

LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININA

HOXE | 20:15h | ANEXO

## Ensino e Estudiantes cítanse esta tarde coa clasificación aos playoffs no horizonte

Cunha soa derrota de diferenza entre ambos conxuntos e co basketaverage no aire tralo axustado triunfo do Durán Maquinaria na primeira volta -62-67- o derbi lucense entre os dous mellores equipos júnior feminino da Provincia ten moito en xogo esta tarde

LIGA ENDESA FEMININA

## Alba Ruano, a última júnior en debutar na elite do baloncesto



A lucense disputou os primeiros minutos co Ensino na máxima categoría do basket feminino nacional, a Liga Endesa, seguindo a estela de Maite Franco e Matea Nikolikj, que xa o fixeron esta tempada



Hugo a piques de facer un pase nun contraataque



Antón tras superar a presión dun xogador compostelán



O ensinista Sergio a piques de facer un pase



Cristian botando a pelota entre dous rivais

# Rosalía baixou ao Ensino da súa nube

**OS LUCENSES** perden comba no soño do segundo posto tras caer no Anexo nun partido que os composteláns levaron ao seu terreo

| ENSINO 67 | | ROSALÍA 81 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Mario | 10 | Rodríguez | |
| Samuel | | Santiago | |
| Antón Real | 3 | Valenzuela | |
| Cristian | 4 | Cayado | |
| Hugo Rey | 12 | Mallou | |
| Sergio | 6 | Gómez | |
| Jorge | | Álvarez | |
| Carreira | | Souto | |
| Olloqui | 15 | Mallou | |
| Dani López | 7 | Golpe | |
| Seny | 2 | | |
| Tshunza | 8 | | |

**"TUVIMOS UNA DESCONEXIÓN INFANTIL EN UN PARTIDO IMPORTANTE"**
ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

Ensino recibiu a Rosalía, segundo clasificado, no seu mellor momento da tempada, co que os de Adrián Gónzalez soñaban co segundo posto da clasificación. Un soño do que, por agora, espertáronlles os composteláns tras impoñerse nun partido no que os levaron ao terreo que máis lles interesaba.

Tras uns primeiros minutos de máxima igualdade, con boas defensas, Ensino foise do partido nos últimos minutos do primeiro cuarto, 15-20.

A ansiedade sacou do encontro aos lucenses, que perderon moitos balóns ao comezo do segundo, propiciando que Rosalía puidese correr e anotar en rápidas transicións para chegar ao descanso con máis 9, 29-38.

Tras baixar pulsacións e recuperar osíxeno no descanso, Ensino saltou á pista na segunda parte coa intención de recortar distancias e meterse na loita pola vitoria. En ataque, os lucenses estiveron ben, pero en defensa Rosalía anotou con demasiada fluidez como para poder recortar distancias no marcador.

Ao último cuarto chegouse con máis 11 para os composteláns e Ensino, malia non baixar os brazos e poñer moita intensidade en cada acción, xogou con máis corazón que cabeza e tivo moitas precipitacións ao ter que remar contracorrente ante un gran rival que mantivo a distancia no marcador ata o final dun partido de altos voos no Anexo.

**11**

**VITORIAS ENSINO,** que tras caer con Rosalía no Anexo quédase a dous das 13 que suman os composteláns e Estudiantes cando restan seis xornadas para rematar a competición regular da Liga Galega júnior masculina

# Estudiantes, que foi de menos a máis, sentenciou no sprint final



Pedro a piques de lanzar a canastra ante Blanco Amor

**O 27-10 DO PRIMEIRO CUARTO** obrigou aos celestes a remar contracorrente, pero a reacción na segunda parte foi moi boa

| B. AMOR 81 | | ESTUDIANTES 87 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Areal | | Carlos | |
| Fernández | | Mikel | |
| Pascual | | Anxo | |
| Nieto C. | | Álvaro | |
| Nieto J. | | Dani | |
| Sas | | Cabe | |
| González | | Jorge | |
| Padrón | | Adrián | |
| Míguez | | Pedro | |
| Prieto | | Pape | |
| Diéguez | | | |

**"DEBEMOS SALIR CON MAYOR INTENSIDAD A LOS PARTIDOS"** PABLO ABUÍN - Estudiantes

Estudiantes saíu airoso de Ourense tras un encontro que se complicou desde os primeiros minutos, cunha posta en escena de Blanco Amor intensa e efectiva coa que tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 27-10, obrigando a Estudiantes a reaccionar e a remar contracorrente para sumar unha nova vitoria para manter o pulso con Rosalía por ser cabeza de serie e anfitrión nos play off.

Ao acerto no triplo de Blanco Amor nos primeiros minutos uniuse a falta de concentración coa que Estudiantes saltou a pista, de aí ao máis 17 para os ourensáns nos primeiros dez minutos de xogo.

No segundo cuarto viuse unha lixeira melloría celeste en ataque, metendo bos balóns interiores pero con baixas porcentaxes de acerto no tiro libre. Con todo, o partido estaba en defensa e aí Estudiantes continuou sen estar ben polo que, ao descanso, mantíñase a vantaxe local, 50-33.

O intermedio foi un punto de inflexión en Ourense. Estudiantes reseteouse e viuse un equipo totalmente distinto ao da primeira parte. Con todo, Blanco Amor resistiu nos primeiros minutos con moitisimo acerto desde o triplo, aínda que un espectacular parcial lucense no tramo final do terceiro cuarto poñía por primeira vez no partido aos de Pablo Abuín por diante no marcador.

Blanco Amor resistiuse todo o que puido, cun intercambio de canastras ao comezo do último cuarto, pero con Estudiantes máis fiable na recta final, poñendo fin á resistencia local nos últimos tres minutos dun partido no que Blanco Amor creu nas súas posibilidades na primeira parte e vendeu cara a derrota ante unha moi boa versión estudiantil na segunda parte.

**Próxima xornada**

Estudiantes viaxa a Vilagarcía para medirse cun Silgatec que segue apurando as súas opcións de meterse en play off.

**2º**

**POSTO** Estudiantes mantén con Rosalía o pulso polo subcampionato. Unha praza que permite ser cabeza de serie e anfitrión nos play off e que todo parece indicar que se decidirá no duelo directo das últimas xornadas en Santiago de Compostela

# Unha vitoria con dúas caras

**35-33 AO DESCANSO E 61-16 DE PARCIAL NA SEGUNDA PARTE** para un Ensino que foi de menos a máis ante Basquet Coruña. **Esta tarde, a partir das 20:15 horas, derbi ante Estudiantes**



Eva subindo o balón nun lance do xogo ante B. Coruña



Juan Nécega dándolle instruccións a Elena no Anexo

| ENSINO 97 Xogadora | PTS. | B. CORUÑA 48 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Laura | | Figeroa | |
| Matea | 22 | Herrero | |
| Natalia M. | 4 | Fernández | |
| Eva | 11 | Lara | |
| Alba | 8 | Valenzuela | |
| Carmen | 12 | Saínz | |
| Natalia G. | 17 | Astorga | |
| Elena | 13 | Varela | |
| Catuxa | | Orosa | |
| Paula | 5 | Carballal | |
| Any | | López | |
| Maite | 5 | | |

O Durán Maquinaria Ensino asinou un partido con dúas caras totalmente distintas, unha en cada parte. Na primeira as lucenses, faltas de intensidade, mantiveron con vida a Basquet Coruña co 35-33 co que se chegou ao descanso, mentres que na segunda o parcial foi de 61-16.

O conxunto que dirixen Juan Nécega e Rocío Varela non deixou boas sensacións nunha primeira metade na que, desde os primeiros minutos, notábase unha preocupante falta de intensidade no xogo, especialmente en defensa, concedendo tiros liberados para que as herculinas anotasen

**"NO PODEMOS PERMITIRNOS TANTOS ALTIBAJOS A LO LARGO DE UN PARTIDO. TENEMOS QUE TRABAJAR PARA SER MÁS INTENSAS, COMO EN LA SEGUNDA PARTE"** J. NÉCEGA - Ensino

moi fácil, pechando o primeiro parcial con 20-19. No segundo Ensino fixo cambios defensivos para cortar a sangría e ás visitantes custoulles ver aro, o mesmo que ás lucenses, de aí ao axustado 35-33 co que se chegou ao descanso.

A segunda parte foi completamente distinta. Ensino púxose o mono de traballo en ataque e en defensa, monopolizando o partido en pista e no marcador cun parcial nos segundos vinte minutos claro e contundente de 61-16.

**Debut de Alba Ruano**

A xogadora lucense debutou na máxima categoría do baloncesto feminina, cos seus primeiros minutos ante Promete na Liga Endesa.



Carmen Leboreiro descolgando a unha defensa rival



Matea encarando con decisión o aro rival no Anexo

| ESTUDIANTES 93 Xogadora | PTS. | C. ÁRTABRA 69 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Eva | | Arteaga | |
| María | | Rivas | |
| Sabela | | Pérez | |
| Yashina | | Porto | |
| Marta | | Souto | |
| Silvia | | Morales | |
| Claudia | | Ferro | |
| Cris | | Villarnovo | |
| Nuria | | Porto | |
| Laura | | Permuy | |
| Carla | | Miragaya | |
| | | Pousa | |

# Posta a punto afinada de cara ás próximas etapas alpinas

**ESTUDIANTES TEN POR DIANTE UN CALENDARIO DECISIVO,** empezando polo derbi de hoxe ante Ensino e con catro encontros máis en apenas unha semana

Estudiantes impúxose a Costa Ártabra nun partido máis complicado do que indica a diferenza final no marcador. Un encontro no que o conxunto de Fernán Varela continuou coa súa posta a punto de cara ás próximas semanas, as máis decisivas e esixentes da tempada para as celestes.

As etapas alpinas na Liga Galega júnior feminina empezan para Estudiantes esta mesma tarde, co derbi ante Ensino que se disputará a partir das 20:15 horas no Anexo. A fin de semana etapa llana ante o colista, Cortegada. O martes 25 nova cota esixente ante Colegio Mariano e mércores 26 ante Compañía de María para finalizar o fin de semana ante outro rival directo como é Bosco

**20:15**

**HORARIO DO DERBI,** esta tarde Ensino recibe ao Estudiantes no Anexo. Un encontro no que ambos se xogan moito, especialmente as celestes, que ademais da vitoria buscarán remontar os 5 puntos polos que perderon no partido de ida, 62-67, para recuperalo average particular

Salesianos.

Cinco partidos nos que Estudiantes competirá sen rede de seguridade, pero nos que seguro que as de Fernán Varela teñen moitas cousas que dicir.

Para chegar con boas sensacións as lucenses impuxéronse o sábado a Costa Ártabra no Anexo, nun partido no que as visitantes estiveron a un bo nivel, incomodando a Estudiantes pese á diferenza final no marcador, propiciada pola superioridade no xogo interior, onde as lucenses sacaron vantaxes.

**"INTENTAREMOS APROVECHAR AL MÁXIMO ESTAS SEMANAS QUE VIENEN POR DELANTE CON ILUSIÓN Y SOBRE TODO CON MUCHAS GANAS DE MEJORAR"** FERNÁN VARELA - Estudiantes

Ao final, cunha vitoria clara, Estudiantes cargou todo o que puido o depósito da confianza e boas sensacións para afrontar un tramo de competición en grao sumo esixente, empezando polo derbi desta mesma tarde no que se citan no Anexo os dous mellores equipos júnior femininos da Provincia.



Yashina Lebron nunha xogada de ataque



Ferán Varela con María Corredoira no Anexo



A celeste Nuria realizando unha entrada



Laura a piques de lanzar a canastra

## San Ciprián segue coa mente posta na seguinte fase

**SEGUNDA** derrota consecutiva tras caer ante un rival máis necesitado

| SAN CIPRIÁN 50 | | B. CORUÑA 64 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Mario | 20 | Gil | |
| Dani | | Díaz | |
| Antón | 7 | Fernández | |
| Diego | | Domínguez | |
| Marcos | 8 | Martínez | |
| Miguel | | Villanueva | |
| Hugo | 12 | Varela | |
| Carlos | | Lovera | |
| Manuel | 3 | Gonta | |
| | | Pérez | |
| | | López | |

**“ESTAMOS EN MALA DINÁMICA DE JUEGO Y RESULTADOS. NO SÉ SI ES POR RELAJACIÓN O POR CANSANCIO”**
MANOLO COBAS - San Ciprián

San Ciprián, xa co billete selado para disputar a segunda fase, encadeou a súa segunda derrota consecutiva ante un Basquet Coruña que, tras gañar na Veiga, xogarase o pase na última xornada a unha carta ante Ferrol.

Unha vez conseguida a clasificación matemática fai tres xornadas, San Ciprán, que empezou a tempada a principios de verán coa fase de ascenso, está acusando o cansazo físico e mental. Por iso, Manolo Cobas baixou o ritmo de intensidade dos adestramentos nas últimas semanas co fin de volver enganchar aos seus xogadores de cara ao último tramo de competición no que o seu equipo gañouse o dereito a competir cos mellores equipos galegos en idade cadete.

A maior necesidade de gañar por parte dos herculinos quedou patente sobre a pista co paso dos minutos. Tras un primeiro parcial igualado, 14-14, no segundo San Ciprián sufriu un apagón ofensivo, 9-16 co que Basquet Coruña tomou as rendas no marcador.

Ao comezo da segunda parte os visitantes puxeron terra polo medio cun novo parcial a favor de 14-22 co que sentenciaron un encontro no que San Ciprián tirou de orgullo nos dez últimos minutos para que a renda non fose maior.

Na última xornada desta primeira fase, os mariñaos necesitan igualar o que faga Ensino para terminar no segundo posto da clasificación.

# Vendaval celeste con póker de vitorias sen saír da casa

**ESTUDIANTES SUMA CATRO TRIUNFOS CONSECUTIVOS NO ANEXO** tras impoñerse ao líder, Peleteiro, a Culleredo, ao Ensino no derbi e a Maristas Coruña


Candela protexe o balón buscando a unha compañeira

| ESTUDIANTES 65 | | MARISTAS 48 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Lían | | Leis | |
| Íria | | Sanmartín | |
| Celia | | Vázquez | |
| Candela | | Deus | |
| Enma | | Galán | |
| María | | Riaño | |
| Marta F. | | Díaz | |
| Claudia | | Andrade | |
| Laura | | Alonso | |
| Carla | | Catoira | |
| Marta R. | | Núñez | |
| | | López | |


Claudia levando unha rapida acción ao contraataque

Estudiantes é posiblemente o equipo máis en forma da Liga Galega cadete feminina. Un estado de graza co que sumaron catro vitorias sen saír de casa e co que afrontan a última xornada antes de iniciar a segunda fase, na que as de Fernán Varela acoden coas espadas en todo o alto para presentar batalla en cada encontro.

Tras romper a imbatibilidade do líder, Peleteiro, chegou a quenda de Culleredo, pasando polo derbi ante Ensino ata terminar con Maristas, nun partido sen nada en xogo a nivel clasificatorio, coa posta a punto como principal obxectivo.

Estudiantes tiña un test serio ante un equipo moi físico, con moita altura ante o que, desde os primeiros minutos, a defensa

**“ESTOY MUY CONTENTO PORQUE TODAS LAS JUGADORAS ESTÁN TRABAJANDO MUY BIEN Y MEJORANDO INDIVIDUALMENTE”**
FERNÁN VARELA - Estudiantes

brillou con luz propia e con iso as celestes tomaron o mando no marcador e foron ampliando a diferenza co paso do encontro, demostrando que chegan á segunda fase en estado de graza tralas últimas vitorias.


A celeste Iria Menor a piques de finalizar baixo o aro

# Todo o Cafés Candelas aportou o seu grao para volver á senda da vitoria

**TRAS CAER NO DERBI ENTRE SEMANA ANTE ESTUDIANTES, 71-72,** as de David Martínez e Aigor Romo impuxéronse a Giraldo apelando á forza do grupo no Anexo

| ENSINO 50 | | GIRALDO 38 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Lorena | 2 | Millán | |
| Paula | 7 | Del Río H. | |
| Eva | 13 | Del Río C. | |
| Silvia | | Torre | |
| Carla Paz | | Pérez | |
| Sabela | 12 | Jueguen | |
| Lucía | 4 | Otero Z. | |
| Carla Glz. | 4 | Otero A. | |
| Leyre | 5 | Ferreiros | |
| Laura | 2 | | |
| Carolina | 1 | | |

O Cafés Candelas apelou á forza do grupo para volver á senda da vitoria na Liga Galega cadete feminina. O Ensino, que perdeu entre semana o derbi capitalino ante Estudiantes por un só punto, recibiu a un Giraldo que vendeu cara a derrota pese a ocupar o último posto na clasificación.

Ás lucenses custoulles entrar en dinámica de partido, empezando o encontro un pouco frías ante un rival entonado ao contragolpe e nas penetracións que se impuxo no primeiro parcial,

**“PARTIDO COMPLICADO QUE SACAMOS ADELANTE CON EL TRABAJO DE TODAS LAS JUGADORAS. ESTO ES COMPETIR Y HAY QUE SABER HACERLO EN TODAS LAS SITUACIONES. ENHORABUENA A TODO EL EQUIPO”** DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO - Ensino

11-12.

Aos poucos, a través da presión defensiva e a aportación de todas as xogadoras nas rotacións, Ensino deulle a volta ao marcador ata chegar a unha renda de máis doce. Con todo ao descanso chegouse con 26-22.

Aos dous equipos custoulles ver aro no terceiro cuarto cun parcial de 9-9, mentres que no último o fondo de armario lucense, coa axuda en ataque e defensa das once xogadoras, desnivelou o marcador ao seu favor.


Lucía Moreno nunha acción de contraataque


Paula Hoyuelos encarando o aro rival no Anexo


Sabela lanzando a canastra ante dúas rivais


Estudiantes celebrando a vitoria no derbi e o primeiro posto do Grupo Norte ao remate do encontro no Anexo o pasado sábado pola tarde

# Estudiantes, á segunda fase coma campións do Norte

**OS DE JAVI PEINÓ** impuxéronse nun derbi no que se mantiveron a flote nos seus peores momentos e que desnivelaron ao seu favor con autoridade no treito final

| ENSINO 60 | | ESTUDIANTES 70 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Samuel | 7 | Andrés | 1 |
| Durán | 1 | Mikel | 7 |
| Ruano | | Simón | |
| Martínez | | Álvaro | 16 |
| Pablo | | Dani | 23 |
| Carreira | 4 | Óscar | 2 |
| Garabito | 9 | Lucas | 10 |
| Juan Bao | 4 | Cristian | |
| Álex Bao | | Rafa | 4 |
| Joel | 11 | Germán | |
| Seny | 14 | Brais | 7 |
| Tchunza | 10 | | |

Estudiantes presentarase na segunda fase, na que estará en xogo o título Galego cadete masculino, como campión do Grupo Norte. Os de Javi Peinó fixérono ademais ao grande tras impoñerse no derbi capitalino a Ensino coa palabra EQUIPO como mellor definición posible.

Os celestes tiñan dúas balas na recámara para ser campións, xa que gañando un dos seus dous últimos encontros serían primeiros, pero gárdanse un disparo para a segunda fase.

En fronte, un Ensino que viña crecido tras impoñerse no derbi da pasada xornada na Veiga, e nun bo momento que os de Adrián González expmiriron desde os primeiros minutos no Anexo, nos que foron mellores, dominaron o rebote e tomaron as rendas no marcador sacando vantaxes onde sabian que eran superiores.

A sensación de superioridade no tramo inicial era maior en pista que no marcador, onde Estudiantes mantívose sempre con certa proximidade, 18-13 ao final do primeiro parcial.

Xa no segundo o conxunto celeste, da man de Dani, atopou vías para anotar en ataque estático, mentres que Ensino seguía dominando o rebote en ambas pinturas.

Mediado o segundo parcial Estudiantes púxose por primeira vez por diante no marcador con catro puntos consecutivos de Brais, 23-25, obrigando a Adrián González a pedir un tempo morto co que Ensino recuperou o mando para chegase ao descanso con 37-34.

Os de Peinó estaba a tan só tres puntos, unha renda mínima xa que Ensino parecía que xogara o seu mellor baloncesto. Os celestes agarráronse ao partido, mantiveron o pulso no terceiro cuarto, 15-14, chegándose aos últimos dez minutos con máis catro para os locais.

A presión invadiu a Ensino no desenlace final, sobre todo unha vez que Estudiantes se puxo por diante no marcador, xogando o seu mellor baloncesto en ambas partes do campo e dando un golpe de campión no derbi.

> **"EN UN MISMO PARTIDO SE VIERON LAS DOS CARAS DE ESTE EQUIPO QUE NO SABE SUFRIR"**
> ADRIÁN GONZÁLEZ- Ensino

> **"SUPIMOS SUFRIR COMO EQUIPO PARA ENGANCHARNOS AL PARTIDO CUANDO NO NOS SALÍAN LAS COSAS"**
> JAVI PEINÓ - Estudiantes

**23**

**PUNTOS DE DANI** máximo anotador do derbi e que con Brais, autor de canastras nos peores momentos do Estudiantes, foron os referentes ofensivos do campión do Grupo Norte

**+14**

**NO ÚLTIMO CUARTO**
Tras manterse no partido en todo momento, Estudiantes descolgou ao Ensino nun último parcial no que se mostraron superiores

Os celestes non concederon tiros liberados a Ensino e en ataque tiveron a cabeza máis fría nun Anexo cun ambiente espectacular de baloncesto e cheo ata a bandeira.

Ao final, Estudiantes descolgouse e sacou do partido a Ensino para acceder á segunda fase coa condición de campión do Grupo Norte.


Samu botando o balón ante Álvaro en media pista


O celeste Cristian leva a pelota ante Manuel Martínez


Carreira co balón ante Lucas nun ataque do Ensino


Seny rodeado por Álvaro, Mikel e Brais no Anexo


Mikel xogando no poste baixo ante Samu e Tchunza

## Ribadeo queda ás portas da segunda fase pese a sumar unha nova vitoria

**O CUARTO POSTO** é inviable pese a poder darse un cuádruple empate

| RIBADEO 80 | | C. ÁRTABRA 61 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Iker | 28 | J. Fuente | |
| Anxo | 8 | P. Fuente | |
| Cristian | 11 | Pena | |
| Darío | 10 | López | |
| Dani | 3 | De Vierna | |
| Manu | 20 | Couce | |
| Jorge | | Pulpeiro | |
| | | Lage | |
| | | Carro | |
| | | Fernández | |

> **"EL TALENTO ANOTADOR DEL EQUIPO DECIDIÓ EL PARTIDO A NUESTRO FAVOR EN LA SEGUNDA PARTE "**
> SAMA - Ría de Ribadeo

O Ría de Ribadeo quedarase ás portas da segunda fase, pese a ser posiblemente un dos equipos que máis merecía o premio tras superar infinidade de contratempos ao longo desta primeira fase na que os de Sama non tiveron fortuna coas lesións nin con terceiros resultados, mentres que cando estiveron con todos os xogadores dispoñibles, demostraron que son o equipo que fai o baloncesto máis vistoso da competición.

Unha nova proba diso sucedeu esta xornada, na que aínda chegaban con opcións de clasificarse. Ribadeo fixo a súa parte como mellor sabe facer, gañando o encontro desde o potencial ofensivo, pero o resto de resultados non lles acompañaron.

Ante Costa Ártabra o partido tivo dous partes moi distintas. Na primeira o equipo estivo a un gran nivel defensivo e tan só encaixou 24 puntos nos primeiros vinte minutos, que terminaron con 34-24.

Xa na segunda os visitantes atoparon vías para anotar con maior fluidez. Ribadeo tiña que poñerse o mono de traballo atrás, pero aos de Sama dáselles mellor atacar e o que fixeron foi dar un paso á fronte ofensivamente e utilizar o ataque como mellor defensa para descolgar ao seu rival e evitar a remontada marchándose por encima dos vinte puntos no terceiro e cuarto parcial.

# Burela aínda conta cunha bala na recámara na última xornada

**A DERROTA NO SPRINT FINAL EN VILAGARCÍA** deixa ao conxunto mariñao dependendo de terceiros para clasificarse á segunda fase. Na súa man está gañar a BBCA por máis de 5 puntos

| JUNQUERA 55 | | CB BURELA 44 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Tarrío | | Henar | 8 |
| Suárez | | Sara | 12 |
| Paz C. | | Zaida | |
| Paz P. | | Emma | 2 |
| López | | Candela | 2 |
| Noya | | Lucía | 14 |
| Falcón | | Cecilia | 3 |
| Álvarez | | Sabela | 3 |
| Mariño | | Paula | |
| Rodríguez | | | |

**"COMPETIMOS MUY BIEN DURANTE TRES CUARTOS, PERO NO TUVIMOS NUESTRO MEJOR DÍA EN LOS MOMENTOS DECISIVOS DEL ENCUENTRO"**
NACHO MOTA / JUANMA LÓPEZ - Academia A Mariña Burela

**+5**
**BASKETAVERAGE**
Burela, para ter opcións de clasificarse para a segunda fase, primeiro necesita gañar na última xornada a Costa Ártabra por máis de cinco puntos para recuperalo average particular. Despois, o resto de resultados decidirán.

Burela perdeu o seu comodín para clasificarse para a segunda fase nun duelo directo con Grupo Junquera en Vilagarcía. Pese a iso, e aínda que non dependan de si mesmas na última xornada, o conxunto mariñao aínda ten opcións de terminar entre os catro primeiros clasificados.

As contas pasan primeiro por gañar a Costa Ártabra por máis de cinco puntos para recuperar o average particular e despois esperar a que o resto de resultados da xornada lle sexan favorables.

Si o baloncesto imparte xustiza, o conxunto que dirixen Nacho Mota e Juanma López estará na segunda fase cos mellores equipos infantís femininos de Galicia. Un premio que se gañaron a pulso desde principios de verán cando se puxeron o mono de traballo para dar o salto de categoría desde a fase de ascenso e que se veñen gañando tamén ao longo desta primeira fase na que, ademais de ser o único equipo que conseguiu impoñerse a Peleteiro, competiu de poder a poder ao longo de todos os encontros.

O último, en Vilagarcía, non foi unha excepción. Burela empezou moi ben, anotando con Sara como punta de lanza ofensiva, pero aos poucos, como era de esperar, Vilagarcía endureció o xogo, conscientes de que elas xogaban sen rede de seguridade xa que unha derrota apeáballes da segunda fase.

O primeiro parcial terminou con 14-16, coa local Irene, unha das mellores xogadoras da Liga, asumindo todo o protagonismo, pero con Burela moi sólido chegando con vantaxe ao descanso, 24-28.

Ao comezo da segunda parte Vilagarcía imprimiu un ritmo de xogo moi alto, pero Burela volveu sair a flote nos peores momentos e cun triplo de Lucía sobre a bucina ao final do terceiro cuarto entrouse no último cun axustado 41-40 no marcador.

Xa na recta final a presión local fixo que Burela esgotase varias posesións sen poder lanzar a canastra, mentres Vilagarcía seguía anotando desde a pintura para desnivelar o marcador ao seu favor nos últimos dez minutos, nos que Burela non deixou de loitar por cada balón, mostrando o camiño a seguir ante BBCA na última xornada, na que si o baloncesto quere impartir xustiza, Burela gañará por máis de cinco puntos e acompañaranlle o resto de resultados.


Nacho Mota falando no banco con Henar e Cecilia

## Estudiantes pasará se gaña o último encontro. Se non, tirará de calculadora

**PODE DARSE** un cuádruple e ata quíntuple empate no cuarto posto

| ESTUDIANTES 85 | | PELETEIRO 52 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |

*Información do partido non facilitada

A última xornada da primeira fase será tamén a última na que este suplemento cubra a información do Estudiantes infantil feminino de Liga Galega, ante a negativa de facilitar as crónicas dos encontros por parte do adestrador sen que nos fixera chegar motivo algún.


Ari coa pelota nunha xogada de ataque de Estudiantes


A celeste Ana a piques de finalizar unha entrada a canastra ante unha rival

## A Maristas volvéuselle acender a luz da reserva antes de tempo

**27-32 AO DESCANSO.** Pero a baixa de Julián foi demasiado lastre

| B. CORUÑA 59 | | MARISTAS 50 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Nogueiras | | Mauro | 4 |
| Ferreiros | | Néstor | 8 |
| Pérez | | Miguel | 4 |
| Formoso | | David | 2 |
| Moreno | | Samuel | 9 |
| Souto | | Gabriel | 12 |
| Bruzos | | Alexis | 4 |
| Domínguez | | Jorge | 2 |
| Vázquez | | Yishak | 5 |
| Padín | | | |
| Cortes | | | |

**"DE NUEVO UNA SEGUNDA PARTE DESASTROSA NOS CUESTA UNA DERROTA"** RUBÉN ENGROBA - Maristas


Gabriel foi o máximo anotador de Maristas neste encontro

A Maristas volvéuselle a terminar a gasolina antes de tempo. Esta vez na Coruña, nun partido que os herculinos desnivelaron ao seu favor cunha remontada no último cuarto cun parcial final de 23-10.

Ata entón o encontro estaba marcado pola ausencia de Julián, polo que o resto de xogadores debían dar un paso á fronte especialmente en ataque, e dérono ao anotar puntos todos os que participaron.

Tras uns primeiros minutos de dúbidas, sobre todo no rebote e á hora de circular o balón, Maristas empezou asentarse en pista e con iso impúxose no primeiro parcial, 13-18. No segundo empezaron mellor os locais, obrigando a Rubén Engroba a pedir un tempo morto co que o equipo reaccionou da man de Néstor e Gabriel para chegar ao descanso con vantaxe, 27-36.

Tralo paso polos vestiarios o partido deu un xiro radical. Maristas desfondouse, sobre todo tras perder a Néstor, anotando tan só unha canastra en xogo no terceiro parcial. Pese a iso, aos últimos dez minutos Maristas chegou por diante no marcador, aínda que non tivo opcións de competir ante un rival moito máis enteiro fisicamente na recta final.


Esteban, xogador de CB Celtas, protexendo a posesión ante a presión do celeste Lucas no encontro da ida disputado no Anexo

**24**

**PUNTOS DE ÁLVARO,** que unha vez máis foi o máximo anotador do encontro. Lucas con 22 tamén pasou a barreira dos vinte puntos, mentres que polo Estudiantes, Martín con 13 puntos foi o máximo anotador

**3º**

**POSTO DE CELTAS,** que a falta dunha xornada, na que se medirá con Costa Ártabra, aínda pode empatar con Basquet Coruña no segundo posto cunha vitoria, ou de perder igualar con Tirso de Molina na cuarta praza

# Derbi con dúas partes distintas

**VITORIA DE CELTAS** ante un Estudiantes que chegou ao descanso con vantaxe no marcador -40-42- pero os mariñaos, a partir da defensa, conseguiron remontar e dominar a segunda parte

| CB CELTAS 82 | |
|---|---|
| Xogador | PTS |
| Nacho | |
| Álvaro | 24 |
| Alonso | 1 |
| Chris | 2 |
| Nico | 13 |
| Darío | 2 |
| Lucas | 22 |
| Esteban | |
| Javi | 18 |

| ESTUDIANTES 63 | |
|---|---|
| Xogador | PTS. |
| Eloy | 3 |
| Uxío | 10 |
| Bosco | 11 |
| Pablo | 2 |
| Diego | 4 |
| Martín | 13 |
| Lucas | 2 |
| Manu | 4 |
| Varela | 2 |
| Samu | 12 |

**"NUESTRA DEFENSA NOS LLEVÓ A GANAR EL PARTIDO"**

ARMANDO - CB Celtas

O Celtas Gasóleos Eugenia impúxose no derbi Provincial da Liga Galega preinfantil masculina a un Estudiantes que, sobre todo na primeira parte, vendeu moi cara a derrota.

**"SI TE RELAJAS, TE REPASAN"**

PABLO RGUEZ - Estudiantes

A intensa e acertada posta en escena dos capitalinos sorprendeu a Celtas nos primeiros minutos, que reaccionaron para igualar o primeiro parcial cun axustado 19-18. Con todo, as sensacións eran mellores para Estudiantes e froito diso os de Pablo Rodríguez chegaron con vantaxe ao descanso, 40-42 tras un segundo parcial de 21-24.

Na segunda parte esperábase unha reacción local que chegou desde a defensa. Celtas foi minando fisicamente a Estudiantes e da man de Álvaro e Lucas deulle a volta ao marcador cun terceiro parcial de 26-7, nos mellores minutos dos de Armando ao longo do encontro.

Estudiantes volveu coller aire e igualou forzas no último parcial, pero xa sen opcións de discutirlle a vitoria a un Celtas que, a falta dunha xornada, xa prepara o súa debut na segunda fase da competición.

**10**

**XOGADORES** dispoñibles tivo Pablo Rodríguez para afrontar este encontro en Foz, e os dez xogadores que participaron anotaron como mínimo unha canastra ao longo dos corenta minutos de xogo no derbi Provincial

# De novo o tempo extra ditou sentenza a un partidazo

**COMA NO ENCONTRO DE IDA,** Estudiantes impúxose ao Burela no derbi na prórroga

**1º**

**POSTO** para Estudiantes e segundo para Burela, que seguen sendo os dous mellores equipos do Grupo Norte da Liga Galega preinfantil, algo que volveron refrendar no duelo directo que os mediu en Vista Alegre neste xornada

| CB BURELA 58 | |
|---|---|
| Xogadora | PTS. |
| Candela | 11 |
| Laura | 18 |
| Henar | 17 |
| Marta | 7 |
| Sara | 4 |
| Irea | 1 |
| Aroa | |
| Lucía M. | |
| Lucía L. | |
| Elena | |

| ESTUDIANTES 60 | |
|---|---|
| Xogadora | PTS. |
| Carlota | |
| Nerea | |
| Lucía | |
| Eva | |
| Valle | |
| Lola | |
| Daniela | |
| Alma | |
| Clara | |
| Iria | |

Os dous mellores equipos preinfantiles femininos da Provincia volveron mostrar a súa condición no segundo derbi da tempada.

Si o primeiro xa foi unha oda ao baloncesto con vitoria das capitalinas por un punto no Anexo tras empatar no tempo regulamentario, o partido de volta estivo como mínimo á súa altura, e de novo con vitoria, nesta ocasión por dous puntos para Estudiantes, pero tamén tralos cinco minutos de engadido da prórroga, poñendo rumbo fixo á segunda fase instaladas no primeiro posto.

**"PESE Á DERROTA ESTAMOS MOI CONTENTOS CO GRAN ESFORZO E ESPÍRITO DE LOITA QUE TRANSMITE ESTE GRUPO DURANTE OS PARTIDOS. UN DEZ PARA TODAS"**

CARLOS MADAR - CB Burela

En Vista Alegre Burela levou case todo o partido o mando no marcador, chegando a dispoñer dunha renda máxima de máis 14 co momentáneo 28-14 que reflectía o electrónico a falta de minuto e medio para terminar a primeira parte, á que se chegou con 28-18.

Tralo descanso Burela continuou con máis acerto e dominando por 12 puntos, 46-38 iniciado o último parcial.

**"RIVAL DIFÍCIL AL QUE HEMOS SIDO CAPAZ DE HACER FRENTE. ENHORABUENA A MIS JUGADORAS"**

ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

Estudiantes mantívose con vida e no sprint final o conxunto que dirixe Zaida Iglesias conseguiu remontar o voo ata forzar a prórroga en Vista Alegre tras salvar un último lanzamento de Burela para gañar o encontro.

Ao tempo extra Estudiantes chegou máis enteiro. Coa mariñá Sara no banquiño por lesión e con Candela fóra do partido por faltas persoais, o derbi empezou a tomar tintes celestes. Pese a iso, Burela non deixou de loitar e tivo opcións de vitoria ata o final nun derbi que volveu ser unha oda ao baloncesto entre os dous equipos.


A celeste Alma coa pelota entre as mariñás Candela, Henar e Marta

# CB Viveiro logra o último billete en Mini masculino

**O TRIUNFO DOS MARIÑAOS** ante Galén Ensino dálles o pase á segunda fase, na que competirán os seis mellores equipos da Provincia

No grupo Norte os clasificados son CB Burela, Cidade de Lugo e os viveirenses, mentres que no grupo Sur clasifícanse CB Sarria, Estudiantes Vermello e Maristas 09. Os seis equipos competirán nunha liga a sistema olímpico de seis xornadas. O primeiro clasificado acudirá á fase final na Estrada.

A falta de catro xornadas para que remate a competición na liga Mini feminina, Mª Auxiliadora lidera a táboa cun triunfo máis que Cidade de Lugo-Fingoi. Ambos equipos gañaron os seus encontros esta fin de semana, como tamén fixeron Galén Ensino 09 e Floristería Madeira.

En Premini Masculino o líder invicto é CB Burela, con once triunfos noutros tantos partidos. Na competición feminina o primeiro posto ocupao MGR Sarria.



**PREMINIBASKET** Cidade de Lugo – Afán Burela



**MINIBASKET** Cidade de Lugo – Mariña Burela



**MINIBASKET** Cidade de Lugo – Mariña Burela

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade Fingoi – M. Burela | 67–14 |
| Franciscanos – M. Aux. | 41–65 |
| C. Sarria – Galén E. 09 | 32–62 |
| M. Sarria – Galén E. 08 | 62–12 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| M. AUXILIADORA | 10 | 9 | 1 | 0 | 609 | 333 |
| CIDADE-FINGOI | 10 | 8 | 2 | 0 | 531 | 284 |
| MADEIRA SARRIA | 10 | 7 | 3 | 0 | 525 | 337 |
| FRANCISCANOS | 10 | 6 | 4 | 0 | 544 | 346 |
| MARIPOSA BURELA | 10 | 5 | 5 | 0 | 407 | 432 |
| GALÉN ENSINO 09 | 9 | 3 | 6 | 0 | 297 | 469 |
| COSMOS SARRIA | 10 | 1 | 9 | 0 | 248 | 566 |
| GALÉN ENSINO 08 | 9 | 0 | 9 | 0 | 148 | 542 |

### PRÓXIMA XORNADA

Galén Ensino 08 - Cosmos Sarria
Galén Ensino 09 - Franciscanos
María Aux. - Cidade Fingoi
Madeira Sarria - Mariposa Burela

## MINIBASKET 2º MASC. G-NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – Galén Ensino | 76–60 |
| E. Burela – Galén E. 08 | 68–58 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E. BURELA | 8 | 8 | 0 | 0 | 604 | 364 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 4 | 4 | 0 | 502 | 483 |
| CB Viveiro | 8 | 4 | 4 | 0 | 508 | 510 |
| GALÉN ENSINO 08 | 8 | 4 | 4 | 0 | 523 | 520 |
| GALÉN ENSINO | 8 | 0 | 8 | 0 | 385 | 645 |

FINALIZADA A PRIMEIRA FASE DA COMPETICIÓN

## MINIBASKET 2º MASC. G-SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Vermello – Est. Azul | 57–39 |
| Maristas 09 – Cristo Sarria | 14–64 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CRISTO C.B. SARRIA | 8 | 8 | 0 | 0 | 472 | 113 |
| EST. VERMELLO | 8 | 6 | 2 | 0 | 425 | 260 |
| MARISTAS LUGO 09 | 8 | 3 | 5 | 0 | 275 | 398 |
| EST. AZUL | 8 | 2 | 6 | 0 | 285 | 420 |
| CIDADE-FINGOI | 8 | 1 | 7 | 0 | 119 | 385 |

FINALIZADA A PRIMEIRA FASE DA COMPETICIÓN

## PREMINIBASKET FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – M. Aux. | 28–68 |
| MGR Sarria – Est. Violeta | 53–2 |
| Cidade Lugo – Afan Burela | 46–23 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MGR C.B. SARRIA | 9 | 9 | 0 | 0 | 529 | 94 |
| CIDADE DE LUGO | 9 | 8 | 1 | 0 | 459 | 262 |
| EST. VIOLETA | 9 | 5 | 4 | 0 | 340 | 328 |
| AFAN BURELA | 9 | 5 | 4 | 0 | 319 | 371 |
| M. AUXILIADORA | 9 | 3 | 6 | 0 | 316 | 415 |
| FRANCISCANOS | 8 | 3 | 5 | 0 | 268 | 353 |
| CB VIVEIRO | 8 | 2 | 6 | 0 | 229 | 337 |
| GALÉN ENSINO | 9 | 0 | 9 | 0 | 185 | 485 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Franciscanos
Est. Violeta - María Auxiliadora
MGR Sarria - Afán Burela

## PREMINIBASKET MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – E. Laranxa | Apr. |
| Ensino Lugo – Est. Verde | 9–59 |
| Cidade – Mariña Burela | 39–35 |
| Franciscanos – C. Burela | 14–64 |
| CB Viveiro – Galén E. 10 | 12–63 |
| Maristas – Cosmos Sarria | 65–14 |
| Rosalia – Oribio Sarria | 26–42 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EU SON BURELA | 11 | 11 | 0 | 0 | 646 | 154 |
| EST. VERDE | 11 | 10 | 1 | 0 | 634 | 135 |
| MARISTAS LUGO | 11 | 9 | 2 | 0 | 564 | 346 |
| EST. LARANXA | 10 | 8 | 2 | 0 | 513 | 312 |
| GALÉN ENSINO 10 | 11 | 7 | 4 | 0 | 500 | 348 |
| FRANCISCANOS | 11 | 6 | 5 | 0 | 464 | 395 |
| ORIBIO C.B. SARRIA | 11 | 5 | 6 | 0 | 377 | 433 |
| CB VIVEIRO | 11 | 5 | 6 | 0 | 340 | 413 |
| ENSINO LUGO | 11 | 4 | 7 | 0 | 280 | 513 |
| MARIÑA BURELA | 11 | 3 | 8 | 0 | 314 | 463 |
| COSMOS SARRIA | 11 | 3 | 8 | 0 | 310 | 521 |
| CIDADE DE LUGO | 11 | 3 | 8 | 0 | 266 | 436 |
| ANPA ROSALÍA | 11 | 1 | 10 | 0 | 117 | 500 |
| GALÉN ENSINO | 10 | 1 | 9 | 0 | 143 | 499 |

### PRÓXIMA XORNADA

Galén E. - O. Sarria
C. Sarria - Rosalia
Galén E. 10 - Maristas
CB Viveiro - C. Burela
M. Burela - Franciscanos
Est. Verde - Cidade
Est. Laranxa - Ensino

# Estrea con vitoria a domicilio para as celestes

